

ÁMBITO ARTÍSTICO

A film about The Meninas

Arte Barroco, collage e técnicas
cinematográficas.



TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



1.-IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA: “A film about Las Meninas”. Arte Barroco, collage e técnicas cinematográficas.

ETAPA: PRIMARIA

NIVEIS: 3º E 4º

ÁMBITO / ÁREAS: Ed. Artística (plurilingüe)

PROFESORADO: Malena Casal

DESCRIPCIÓN DA TAREFA: Gravación dun vídeo de animación en volume (stop motion) a partir da famosa obra “As Meninas”

XUSTIFICACIÓN: A creación dun vídeo en stop motion a partir dun collage do cadro "As Meninas" ofrece unha oportunidade única para explorar e comprender esta obra nun contexto interactivo e creativo. Esta tarefa non só promove o desenvolvemento das habilidades artísticas e técnicas dos estudantes, senón que tamén os axuda a profundar na súa comprensión do cadro, ao permitirilles desmontalo e recrealo a través do proceso de animación. Foméntase a creatividade e a interpretación persoal da obra de Velázquez, a través da elección dos elementos do collage e do deseño do vídeo, experimentando con técnicas de animación. A tarefa de creación dun vídeo en stop motion require planificación, organización e precisión na captura das imaxes. Ao traballar en equipos para crear o collage e o vídeo, os estudantes aprenderán a colaborar, compartir ideas e resolver problemas de forma conxunta, fomentando así o traballo en equipo e as habilidades sociais.

En resumo, esta tarefa non só enriquece a experiencia de aprendizaxe dos estudantes ao permitirilles interactuar activamente coa obra de arte, senón que tamén lles ofrece unha oportunidade para desenvolver habilidades artísticas, técnicas e sociais importantes. Sen esquecer o enfoque CLIL da materia, a través do cal o alumnado, integrará novo vocabulario en inglés.

CONTEXTO: Este taller levarase a cabo na Aula de Plástica durante unha xornada lectiva de 4 horas cos seus correspondentes descansos (merenda, recreo, hora de ler). O alumnado estará distribuído en 5 mesas de 4 alumnos. Os agrupamentos serán heteroxéneos con alumnado de 3º e 4º de E.P.

2.- CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	<p>CA3.1. Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.</p> <p>CA3.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.</p> <p>CA3.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.</p>	Observación directa
2. Elaboración dunha versión do cadro coa técnica do collage.	<p>CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.</p> <p>CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p> <p>CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p>	Rúbrica

<p>3. Elaboración do vídeo de animación coa técnica do stopmotion.</p>	<p>CA4.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades</p> <p>CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.</p> <p>CA4.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p> <p>CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>4. Reflexión final e peche da sesión.</p>	<p>CA4.5. Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p> <p>CA4.6. Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.</p>	<p>Observación directa</p>

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Introducción á obra "As Meninas" de Diego Velázquez: Contextualización histórica e artística da obra.
- Análise dos elementos principais da composición: personaxes, escenario, perspectiva, etc.
- Introducción a diversas técnicas de collage, como o recorte e colado de imaxes, a superposición de capas, o rasgado de papel, o estampado e a pintura.
- Técnicas básicas para a creación de animación stop motion: movemento, captura de imaxes, edición, etc.
- Fomento da creatividade e a experimentación a través do collage, animando aos estudantes a explorar a súa imaxinación e expresión persoal.
- Valoración do traballo en equipo como parte fundamental do proceso creativo.
- Fomento da colaboración, a comunicación e a resolución de problemas de forma conxunta.
- Incorporación de vocabulario específico en inglés relacionado coa arte e a animación.
- Uso de instrucións e rexistros en inglés durante as actividades prácticas.

3. SECUENCIACIÓN

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	Breve introdución sobre a obra "As Meninas" de Diego Velázquez. Análise da composición e dos personaxes principais. Discusión sobre a perspectiva e a profundidade na pintura.	Actividade de vocabulario en inglés relacionado coa obra.	Presentación do proxecto e obxectivos.
2. Elaboración dunha versión do cadro coa técnica do collage.	Reparto de tarefas: Distribución das plantillas cos diferentes elementos do cadro entre os membros do equipo.	Deseño e planificación do collage. Búsqueda, recortado e pegado dos elementos combinando diversas técnicas (superposición de capas, rasgado de papel, estampado, pintura, etc.) Combinación con técnicas de debuxado (p.e. debuxar a cara). Decoración do fondo do cadro.	Recortado dos diferentes personaxes e presentalos sobre o fondo.

<p>3. Elaboración do vídeo de animación coa técnica do stopmotion</p>	<p>Explicación sobre que é o stop motion e como funciona. Visualización de exemplos de vídeos en stop motion. Demostración de técnicas básicas para crear unha animación stop motion.</p>	<p>Captura de imaxes do collage para a animación.</p>	<p>Edición e montaxe das imaxes para crear o vídeo en stop motion.</p>
<p>4. Reflexión final e peche da sesión</p>	<p>Visualización compartida dos vídeos creados polos diferentes equipos.</p>	<p>Reflexión final sobre o proceso e os resultados obtidos.</p>	<p>Recollemos e limpamos a aula de Plástica.</p>

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADE	LUGAR	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Introducción e contextualización: Presentación da tarefa	Aula de Música	Gran grupo	Pantalla e ordenador	20 minutos
2. Elaboración dunha versión do cadro coa técnica do collage.	Aula de Plástica	Grupos de 4 / Traballo individual	Plantillas das Meninas. Plantilla do fondo en a3. Papeles surtidos e revistas. Lápices, ceras e/ou rotuladores de cores. Tesoiras e pegamento.	90 minutos
3. Elaboración do vídeo de animación coa técnica do stopmotion	Aula de Plástica	Grupos de 4	Unha tablet con cámara por grupo, con software de edición de imaxes. Trípode ou soporte para a tablet.	50 minutos
4. Reflexión final e peche da sesión	Aula de Plástica	Grupos de 4		10 minutos

5.-AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ENSINANZA- APRENDIZAXE)	ESCALA DE VALORACIÓN REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	<p>Como?: Mediante a observación directa e sistemática.</p> <p>Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito, recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel nunha reunión de avaliación de ámbito final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	<p>Como?: Cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito, recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbito final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.</p>

Rúbrica de Avaliación: Elaboración dunha versión do cadro "As Meninas" coa técnica do collage.

Criterios	Excelente (4)	Bo (3)	Satisfactorio (2)	Insuficiente (1)
Comprensión do cadro "As Meninas"	Os estudantes demostran unha comprensión profunda dos elementos principais do cadro, incluíndo os personaxes, o escenario e a composición.	Os estudantes demostran unha comprensión adecuada dos elementos principais do cadro, aínda que pode haber algún detalle ausente ou impreciso.	Os estudantes amosan unha comprensión limitada do cadro, con varios detalles ausentes ou imprecisos.	Os estudantes amosan unha comprensión mínima do cadro, con moitos detalles ausentes ou imprecisos.
Creatividade no deseño do collage	O collage mostra unha creatividade excepcional na elección de materiais, a disposición de elementos e a interpretación persoal da obra de arte orixinal.	O collage mostra unha creatividade sólida na elección de materiais, aínda que pode haber áreas onde a orixinalidade ou a innovación sexan limitadas.	O collage mostra certa creatividade na elección de materiais, pero a disposición de elementos pode parecer pouco inspirada ou pouco imaginativa.	O collage carece de creatividade na elección de materiais e a disposición de elementos é desorganizada ou pouco atractiva.
Colaboración e traballo en equipo	Os estudantes traballan de maneira excepcionalmente efectiva en equipo, colaborando activamente, comunicándose de maneira clara e resolvendo conflitos de maneira construtiva.	Os estudantes traballan de maneira efectiva en equipo, aínda que pode haber algunha dificultade na comunicación ou na resolución de conflitos.	Os estudantes amosan certas dificultades para traballar en equipo, cunha comunicación limitada ou dificultades para resolver conflitos de maneira construtiva.	Os estudantes teñen dificultades significativas para traballar en equipo, cunha comunicación pobre e conflitos non resoltos.
Calidade técnica do collage	O collage está coidadosamente elaborado, cun montaxe preciso, unha combinación habilidosa de materiais e un acabado limpo.	O collage está ben elaborado, aínda que pode haber algunhas imperfeccións menores no montaxe ou na selección de materiais.	O collage mostra certas deficiencias técnicas, como un montaxe desigual ou unha selección de materiais pouco axeitada.	O collage ten numerosas deficiencias técnicas, como un montaxe descoidado ou unha selección de materiais pouco apropiada.

Rúbrica de Avaliación: Elaboración do vídeo de animación coa técnica do stopmotion

Critérios	Excelente (4)	Bo (3)	Satisfactorio (2)	Insuficiente (1)
Planificación e organización	Os estudantes demostran unha planificación exhaustiva do proxecto, cunha clara división de tarefas e un cronograma ben establecido. Todos os membros do equipo coñecen as súas responsabilidades e traballan de maneira eficiente para cumprir cos prazos.	Os estudantes amosan unha planificación adecuada do proxecto, cunha división clara de tarefas e un cronograma establecido. A maioría dos membros do equipo coñecen as súas responsabilidades e traballan de maneira efectiva para cumprir cos prazos.	Os estudantes amosan unha planificación limitada do proxecto, cunha división de tarefas pouco clara e un cronograma que pode ser inconsistente. Algúns membros do equipo poden ter dificultades para cumprir cos prazos establecidos.	Os estudantes teñen unha planificación deficiente do proxecto, cunha división de tarefas confusa e un cronograma pouco realista. Os membros do equipo non cumpren cos prazos establecidos e poden haber conflitos debido á falta de organización.
Creatividade e orixinalidade na animación	A animación mostra unha creatividade excepcional na elección de escenas, o movemento dos obxectos e a narrativa visual. Os estudantes experimentaron con diferentes técnicas e efectos para crear unha animación única e visualmente impactante.	A animación mostra unha creatividade sólida na elección de escenas e o movemento dos obxectos. Os estudantes utilizaron algunhas técnicas e efectos interesantes para crear unha animación atractiva e entretemida.	A animación mostra certa creatividade na elección de escenas e o movemento dos obxectos, aínda que pode faltar orixinalidade nalgúns aspectos. Os estudantes poderían ter explorado máis técnicas e efectos para mellorar a calidade da animación.	A animación carece de creatividade e orixinalidade na elección de escenas e o movemento dos obxectos. Os estudantes utilizaron técnicas básicas e a animación pode parecer aburrida ou pouco imaginativa.
Colaboración e traballo en equipo	Os estudantes traballan de maneira excepcionalmente efectiva en equipo, comunicándose de maneira clara, resolvendo problemas de maneira construtiva e apoiándose mutuamente en todas as etapas do proceso de creación da animación.	Os estudantes traballan de maneira efectiva en equipo, aínda que pode haber algunhas dificultades na comunicación ou na resolución de problemas.	Os estudantes amosan certas dificultades para traballar en equipo, cunha comunicación limitada ou dificultades para resolver conflitos de maneira construtiva.	Os estudantes teñen dificultades significativas para traballar en equipo, cunha comunicación pobre e conflitos non resolto

CRITERIOS E CONTIDOS - RÚBRICA

Traballo en equipo, organización e adquisición das aprendizaxes

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	<p>Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.</p>	<p>Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.</p>	<p>Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.</p>	<p>Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./</p>	<p>LG 4º: CA2.5 LG 3º e 4º: CA2.8</p> <p>LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA3.5, CA4.6</p>
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	<p>Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.</p>	<p>Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.</p>	<p>Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.</p>	<p>Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalguna actividade do seu agrado.</p>	<p>CCNN 3º e 4º: CA4.5, CA4.2</p> <p>M 3º e 4º: CA2.1, CA3.1, CA6.4 EPV: 3º e 4º: CA4.3 e 4.4</p>
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	<p>Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.</p>	<p>Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.</p>	<p>Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.</p>	<p>Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.</p>	<p>LG 3º e 4º: CA2.8</p> <p>LC 3º e 4º: CA2.8</p> <p>EPV 3º e 4º: CA4.3 e 4.4</p>
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	<p>Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.</p>	<p>Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.</p>	<p>Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.</p>	<p>Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéñ nas quendas doutras persoas.</p>	<p>LG 4º: CA2.5</p> <p>LC 3º e 4º: CA2.4, CA2.5 EPV 3º e 4º: CA3.5, CA4.6</p>

ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	PC 3º e 4º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1 CCNN 4º e 3º: CA4.3 EPV 3º e 4º: CA4.3
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CCNN 3º e 4º: CA2.2, CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4 EPV 3º e 4º: CA3.1
	G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 LC 3º e 4º: CA2.1, CA4.1, CA4.2 EPV 3º e 4º: CA3.3
	G. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA3.7 LC 3º e 4º: CA3.7 EPV 3º e 4º: CA3.2

DESEÑO DA TAREFA - FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE- LISTA DE COTEXO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguíuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Responduse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		